

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FEDERACIÓN AUTONÓMICA DE CENTROS DE ENSINO PRIVADO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO COMO ENTIDADE COLABORADORA

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, D. Ignacio Gay Irago, con DNI, na súa calidade de presidente da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado, con enderezo en rúa Eduardo Pondal, 8, baixo, 15702, Santiago de Compostela.

As dúas as partes recoñécense capacidade xurídica para actuar neste acto.

EXPOÑEN

I. Que o 11 de setembro de 2023 a extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e a Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado, subscribiron un convenio de colaboración para a realización de actividades de formación permanente do profesorado como entidade colaboradora.

II. Que a cláusula décimo primeira do mencionado convenio prevé a posibilidade de prorrogar a súa vixencia por castro cursos escolares sucesivos.

III. Que as dúas partes consideran necesario continuar a dita colaboración co fin de asegurar a axeitada planificación e desenvolvemento das actividades de formación permanente do profesorado.

De conformidade co anterior, ambas as partes subscriben esta addenda conforme á seguinte

CLÁUSULA

Para o curso 2025/26 a Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado ofertará ao profesorado que desenvolve o seu labor docente ou especializado nos centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión da Consellería tres (3) actividades, tal e como se detalla a continuación:

RELACIÓN DE ACTIVIDADES:

1.- Nome do curso: Competencia Dixital Docente – Nivel B1

- Duración: 70h.
- Modalidade: en rede
- Nº de prazas: 50

2.- Nome do curso: Competencia Dixital Docente – Nivel B2

- Duración: 80h.
- Modalidade: en rede
- Nº de prazas:100

3.-Nome curso: Coordinador de Benestar e Delegado de Protección.

- a) Duración: 40 horas.

- b) Modalidade: en rede.
- c) Nº de prazas: 50

Esta addenda ten natureza administrativa rexéndose, en primeiro lugar, polo que se establece nela e, no seu defecto, polas normas de dereito administrativo que lle sexan de aplicación.

As partes comprométense á resolución das discrepancias que puidesen xurdir respecto da interpretación, modificación, resolución e cumprimento desta addenda que serán resoltas pola Comisión de seguimento prevista na cláusula cuarta do convenio asinado o 11 de setembro de 2023.

Das cuestións litixiosas que puidesen xurdir na execución do convenio será competente a xurisdición contencioso-administrativo.

En proba de conformidade, as partes asinan esta addenda na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
O conselleiro
Román Rodríguez González

Pola Federación de Autonómica de
Centros de Ensino Privado
O director
Ignacio Gay Irago